

25N NOS SEUS ZAPATOS

Esta instalación artística nace como unha denuncia contundente contra a violencia de xénero.

Cada par de zapatos representa unha muller cuxa vida foi arrebatada este ano en España por ese motivo.

Ao seu lado, nalgúns casos, zapatos infantís que simbolizan os nenos e nenas asasinados xunto ás súas nais. Tamén aqueles que quedaron orfos, vítimas dun trauma que os marcará para sempre.

Negámonos a que estes feitos queden reducidos a números. Non queremos afacernos aos recontos, a que os números se normalicen, a que a traxedia se converta en estatística.

Cada par de zapatos representa unha vida, unha historia rota, unha ausencia irreparable. Cada número leva consigo un sufrimento profundo e unha perda que non se pode medir con cifras.

A cor violeta tingue os pasos que estas mulleres xa non darán, os seus soños truncados, a ausencia que deixan nas súas familias.

Esta obra non busca só conmover, senón xerar unha acción colectiva: tomar conciencia, romper o silencio e ser parte activa dun cambio que non pode esperar.

Cada vida conta e a loita contra a violencia de xénero é cousa de todos e de todas

QUE O BALEIRO DESTES ZAPATOS NOS INSPIRE A CAMIÑAR XUNTOS CARA A UNHA SOCIEDADE MÁIS XUSTA E SEGURA PARA TODAS.